

ASPECTOS ARQUEOLÓXICOS E PATRIMONIAIS DO CASTRO DE VILADONGA (LUGO): OS RETOS PARA O FUTURO

Felipe Arias Vilas¹

RESUMO:

Depois de um breve resumo dos 40 anos de trabalhos arqueolóxicos desenvolvidos no Castro Viladonga, torna-se uma caracterización deste sitio castrejo e galaico-romano perto de *Lucus Augusti* e examínam-se as cuestións não resolvidas mais importantes em futuras pesquisas sobre este sitio e, especificamente, que oportunidades ainda têm de ser desenvolvidas em relação aos seus aspectos patrimoniais, de educação, de turismo e, finalmente, sociais.

Palavras-chave: Arqueología, Património, Viladonga.

ABSTRACT:

After a brief summary of the 40 years of archaeological works developed in the Castro of Viladonga, becomes a characterization of this site castrejo and galician-roman *Lucus Augusti* near and examines the most important unresolved issues in future research on this site and, specifically, that opportunities have yet to be developed in relation to its heritage, education, tourism and, finally, social aspects.

Keywords: Archeology, Heritage, Viladonga.

PROEMIO

Sirvan estas liñas e os parágrafos que seguen para expresar a nosa lembranza persoal a Fernando Acuña. Coñecémolo, nós como alumno, no curso académico 1968-1969 na Facultade, entón, de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, onde el axudaba e/ou substituía ao recordado profesor Alberto Balil tanto nas clases prácticas como nas teóricas. Desde entón trabamos unha boa amizade con el, e non só nas aulas senón tamén, e maiormente, en toda unha serie de andainas e roteiros culturais (e mesmo lúdico-gastronómicos) pola cidade e a contorna compostelá e logo por toda Galicia e boa parte de Portugal. O trato persoal e profesional fortaleceuse na Sección de Arqueoloxía do Instituto P. Sarmiento de Estudios Galegos, na que entramos pola súa proposta, e sobre todo na dita Facultade ao coincidirmos nela como docentes ata 1974, período que incluíu a asistencia a numerosos e moi diversos foros e reunións científicas e culturais (entre elas, unha impagable viaxe –por moitas circunstancias persoais– ao XII Congreso Nacional de Arqueología de 1971 en Jaén). Posteriormente

¹ Ex-director do Museo do Castro de Viladonga.

e pese á distancia, pois eu fiquei asentado na miña cidade natal lucense, mantivemos unha dilatada, continua e por veces intensa relación na comunicación persoal e no traballo profesional, fundamentalmente a través do Museo do Pobo Galego e, tamén, do mesmo Museo do Castro de Viladonga que é o tema deste artigo así como da súa Asociación de Amigos –da que foi membro fundador e temporalmente directivo-. Así pois, expresamos o noso desexo de que a *iubilatio* que aquí se conmemora lle sexa propicia e favorable para o seu devir persoal e, aínda, para o seu labor como arqueólogo.

CATRO DÉCADAS LONGAS DE TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS EN VILADONGA

Dedicamos persoalmente máis de 30 anos longos de vida profesional ao Castro de Viladonga, xacemento arqueolóxico castrexo e galaico-romano que xa se empezara a escavar en 1971 e do que se coñecía algún achado anterior (coma o torques de ouro de tipo ártabro aparecido en 1911, que pasou á Colección Blanco-Cicerón, hoxe Col. Álvaro Gil Varela, do Museo Provincial de Lugo). Cómpre lembrar brevemente o feito ata agora e, sobre todo, anotar neste artigo as “asignaturas pendentes” ou os temas que quedan para o futuro, tanto no Castro, como xacemento que aporta abundante información arqueolóxica e histórica, coma no seu Museo de sitio que conforma, xuntamente con aquel, un enclave patrimonial de notable importancia cultural, educativa, turística e social.

O Castro de Viladonga, situado no termo municipal de Castro de Rei, na provincia de Lugo, está enclavado sobre unha elevación de terreo no val inicial do río Miño e ao pé da Serra de Meira, dominando gran parte da penechaira central lucense que é a Terra Chá. A súa monumentalidade chamou sempre a atención e constitúe, coas súas murallas, fosos, croa e antecastros, un verdadeiro arquetipo formal de castro, moi representativo do tipo de poboados castrexos da zona interior de Galicia.

Cronoloxicamente enmárcase no período galaico-romano, pois o momento de apoxeo da súa ocupación corresponde sobre todo á época tardorromana ou baixo imperial, cando menos entre fins do século II ou comezos do III d.C. ata o s. V, se ben nas actuacións levadas a cabo nel na últimas décadas puido constatare a existencia dun nivel de ocupación anterior á conquista romana, moi derramado e localizado no espacio (ata agora só na zona NE do monte) e no tempo (no século I a. C.).

A comarca na que se inscribe o Castro é moi abundante en xacementos de tipo castrexo dos que algúns deles se atopan certamente moi preto daquel, incluso ao seu mesmo pé como é o caso da chamada Rodela de Balmonte ou o Castrelo de Viladonga. Trátase de asentamentos que abarcan todo o período cultural castrexo tanto na etapa prerromana como no momento galaico romano, aínda que faltan datos que corroboren a súa respectiva cronoloxía.

O Castro de Viladonga organizase ao redor dun recinto superior ou croa que se atopa rodeada dunha muralla principal formada por unha enorme morea de terra de entre 10 e 14 m. de altura sobre o foxo actual polo seu lado externo, mentres que o seu paramento interior está feito duns potentes muros de lousa e xisto. Ao pé desta muralla discorre un profundo foxo escavado orixinariamente no penedo rochoso, que rodea a croa salvo no lado O, no que se dispón un extenso aterraxamento ou antecastro. O sistema alternativo muralla-foxo repítese polos lados E. e NE. ate tres veces, mentres sobre todo polo lado S. e SE. aproveita o acusado desnivel do monte para estruturarse en sucesivos recintos, fosilizados no parcelario rural, cara ás terras baixas.

A extensión do xacemento é dunhas 4 hectáreas (uns 39.000 m²) entre as súas murallas máis exteriores, cunha croa ou acrópole central que ten forma aproximadamente cuadrangular pero cos ángulos curvos y que ten 95 x 100 m. nos seus eixes N-S e E-O.

O aspecto monumental do poboado coa súa forte presenza na paisaxe, así como o citado feito do achado casual dun torques áureo en 1911 induciron a que desde 1971 (en realidade os traballos arqueolóxicos comezaron no ano seguinte) se realizaran en Viladonga sucesivas escavacións que sacaron á luz a maior parte das construcións que hoxe están á vista, sempre feitas de lousa ou xisto e de moi diversos tipos e plantas, así coma numerosos elementos construtivos de moito interese (murallas,

escaleiras, pavimentos lousados, lareiras...). Desde moi cedo, chamou a atención a inxente cantidade de materiais e obxectos achados, en moitos casos de clara cronoloxía romana, todo o cal, unido á súa monumentalidade, fixeron do Castro de Viladonga un xacemento senlleiro e representativo da cultura castrexa, principalmente durante a súa evolución e transformación na etapa galaico-romana.

A aculturación material entre o mundo indíxena galaico e as numerosas achegas romanas está ben demostrada no poboado de Viladonga: moitas das construcións, ben articuladas sobre eixes viarios moi claros, cóbrense con tégulas e ímbrices de barro, e entre os moi numerosos e moi diversos artefactos documentados pola arqueoloxía (desde as ferramentas ós útiles domésticos e desde os adornos aos xogos...), hainos - moitas veces nos mesmos espazos habitados - de tradición propiamente castrexa, de clara adscrición romana e ás veces de procedencia ben distante coma o Mediterráneo oriental e, así mesmo, hai materiais onde a mestura de tradicións, orixes e influencias semella clara aos ollos da arqueoloxía. Os materiais atopados neste Castro constitúen unha serie moi ampla de vestixios que aportan innumerables datos sobre as formas de vida e as dinámicas socioeconómicas dun período histórico moi dilatado.

Viladonga é, pois, un dos exemplos máis sinalados destes castros ocupados na etapa galaico-romana e, neste caso, mesmo na fase máis tardía, ata o final do Imperio e mesmo coincidente coas primeiras décadas da implantación sueva, sendo ademais o paradigma do modelo de poboado rural fortificado dentro da área de influencia dunha cidade e capital romana de referencia, e influencia indubidable deste Castro, como é *Lucus Augusti*.

Hoxe en día, despois das escavacións feitas nos anos 70 do século XX por Chamoso Lamas e as realizadas por nós mesmos desde 1982 (ou proxectadas supervisadas desde o Museo desde 1996), a superficie do Castro atópase intensamente escavada o que permite a súa exhibición a todo tipo de público. O conxunto formado polos restos do poboado e a exhibición dos materiais no Museo monográfico configuran un conxunto de gran interese polas súas grandes posibilidades didácticas levadas a cabo con sinxeleza e eficacia. É precisamente este último punto, a utilización patrimonial, sociocultural, educativa, e mesmo de lecer e turística do conxunto de Viladonga, unha razón complementaria de peso para ser convertido nun espazo protexido.

Para completar esta función cultural, a maiores da puramente científica e histórica, xa nos anos 70 construíuse ao seu carón un edificio destinado a servir de Museo de sitio – idea certamente pioneira naquela altura- para gardar, exhibir, interpretar e explicar os seus materiais arqueolóxicos- aínda que a súa creación oficial demorouse ata maio de 1983 (por O.M. do Ministerio de. Cultura español) e foi aberto ao público en novembro 1986, como tal museo en canto ao desenvolvemento de todas as súas funcións, a conservadora, a investigadora e a de comunicación e difusión, atento ademais ao seu amplo contorno xeográfico e contexto histórico pois sempre se intentou integrar nunha comarca determinada e ben definida como a Terra Chá e, pola súa vinculación xeo-histórica, coa cidade de Lugo.

A creación e formación deste Museo do sitio permitiu que, ao lado dos traballos de escavación arqueolóxica, se desenvolvesen ata hoxe labores de conservación (tanto de estruturas como de materiais), e que se acometa a documentación, investigación e interpretación do descuberto, para logo devolvelo á sociedade a través da difusión e a comunicación a todo tipo de público, cumprindo así a dita función educativa e social á par que “turística”, e por tanto económica, a partir dun patrimonio arqueolóxico que, ademais e baseándose nas razóns anteriormente resumidas, foi declarado Ben de Interese Cultural polo Decreto 441/2009 do 11 de decembro (*Diario Oficial de Galicia* nº 251, de 28 de decembro de 2009, p. 19552) .

OS TEMAS PENDENTES PARA O FUTURO

O Castro de Viladonga é un conxunto patrimonial vivo e dinámico, no sentido de que estivo e está sempre en continua evolución, tanto nos seus aspectos científicos como nos puramente patrimoniais. Todo o feito ata agora acumula unha serie moi diversa de valores e potencialidades que, poren, deben

estar en permanente revisión. Así, cómpre resumir aquí os aspectos e os temas que, dalgún xeito, son os retos para os futuro, de tal maneira que os logros conseguidos desde 1972 ata 2014 teñan continuidade e mellora nos anos vindeiros, coa conseguente evolución no persoal, técnico e auxiliar, que atende o Castro e o Museo e, por descontado, co correspondente reflexo nos medios e recursos que deben prover as administracións responsables, isto é, a estatal (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte) como titular do Museo e, nomeadamente, a Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) como titular e xestora do Castro e responsable, a todos os efectos prácticos, da entidade museística.

Estes que se enumeran a continuación e referidos en primeiro lugar ao **Castro** como xacemento, serían, pois, os temas a realizar no futuro, máis próximo ou máis dilatado:

Aínda que non é a tarefa máis urxente, cómpre proseguir a realización de escavacións arqueolóxicas en varias áreas extensas do xacemento aínda non abertas pero lindadeiras doutras zonas xa descubertas como son: en todo o lado sur da croa central para comprobar, como é previsible, a existencia de máis construcións dispostas aproximadamente en paralelo á muralla principal por esta beira do acrópole; en case todo o antecastro ou aterraxamento existente no lado oeste do monte, por fóra da croa e, igualmente, no recinto ou antecastro situado ao sueste da croa, onde se atopa a cova (de posible prospección ou explotación mineira aurífera -?- antiga, tamén pendente aínda dunha investigación seria, demorada e profunda), se ben neste último caso este predio é unha das poucas zonas ou fincas que aínda non son de propiedade pública no xacemento de Viladonga.

De xeito máis limitado e puntual, tamén cómpren actuacións de escavación noutras áreas para coñecer, por exemplo, como é a ligazón entre a croa e o antecastro oeste, probablemente cunha entrada similar á xa descuberta na porta principal do lado leste; ou ben, como é obvio polo seu interese arqueolóxico e histórico, seguir afondando ou ampliando o que denominamos nivel prerromano detectado no ángulo NE. do Castro, moi atuado e derramado por baixo das construcións que hoxe están á vista.

Outro tema pendente é o da localización e, de ser así, a posterior escavación cando menos parcial, da necrópole que, suponse, debe de estar asociada a este xacemento pola súa cronoloxía galaico-romana e tardía, é dicir, probablemente de inhumación e situación indefinida pero fóra das áreas con restos de habitación e para a que aínda existen posibilidades diversas e aínda moi abertas por fóra da croa, se ben nalgunhas outras xa se desbotou a súa existencia por prospeccións ou informacións previas.

Neste sentido, e permítasenos aquí este breve excurso, hai que seguir concedéndolle a importancia que merece ao patrimonio intanxible ou inmaterial vinculado a este Castro (o que antes na bibliografía clásica se chamaba “folclore arqueolóxico”) – ao igual que ao patrimonio natural da contorna -, pois aquel xa é ben sabido que se vai perdendo con enorme celeridade, se ben no caso de Viladonga temos a inmensa sorte de estar xa documentado e recollido desde os anos 70 do século pasado, aínda sendo conscientes que sempre pode haber algunha nova información ou diferentes versións e interpretacións.

Por último, en canto á prosecución das escavacións, ábrese agora unha nova posibilidade de actuación en áreas da ladeira sueste do monte do Castro, por mor dunha recente e xenerosa cesión de terreos privados a favor do Museo (en realidade será para a Xunta autonómica de Galicia) e, aínda que non é, en principio, unha zona principal do xacemento, si pode ofrecer informacións sobre a ocupación dos recintos laterais vinculados ao Castro e mesmo sobre os antigos camiños de acceso a este, un deles xa documentado cara este lado cando se fixo a ampliación do edificio do Museo en 1992.

Con todo, e no referente ás estruturas arqueolóxicas de Viladonga, o prioritario e o fundamental nesta altura seguirá sendo a súa conservación para poder transmitir o xacemento ás futuras xeracións, o que esixe, como se veu facendo nos últimos dez anos, continuar cos traballos de consolidación e de restauración daquelas estruturas que, pola súa feitura en lousa e xisto do país, ás veces e nos casos de maior fragilidade e menor consistencia, dá lugar a exfoliacións que comprometen seriamente a estabilidade dos muros. Por tanto, os escasos medios e os poucos recursos económicos existentes

duns anos a esta parte, deben empregarse principalmente, e por veces con urxencia, na conservación e restauración do patrimonio arqueolóxico hoxe visible e visitable.

Como é lóxico, outro tema que sempre está aberto ao futuro é o da documentación, estudo e interpretación dos materiais arqueolóxicos deste Castro de Viladonga.

Existe, obviamente, a documentación imprescindible e obrigada dos fondos arqueolóxicos do Museo do sitio, que son máis de 80.000 fichas identificativas e descritivas dos materiais dentro da aplicación DOMUS que se usa nos museos de titularidade estatal (e xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia neste caso). Moitas desas fichas de inventario teñen os datos mínimos de identificación dos achados, pero en moitas outras acompáñase de máis e maior información que, en calquera caso e como é habitual nestes centros, sempre está aberta a ampliacións, revisións e reinterpretacións, camiño este que precisará no futuro seguir dispoñendo de persoal técnico adecuado e suficiente para estes labores de documentación e estudo dos materiais procedentes do Castro.

Por outra parte, están xa feitos algúns estudos en forma de catálogos de diverso obxectivo e extensión sobre diferentes materiais, ou mellor grupos de materiais, publicados ás veces na revista *Croa* editada (impresa e agora tamén en edición dixital) pola Asociación de Amigos do Castro e logo –desde 2005- polo propio Museo, ou noutras publicacións similares e mesmo, nalgunhas ocasións, como monografías. Pódense citar, por exemplo, os estudos de materiais como a *terra sigillata* (Caamaño Gesto e López Rodríguez), as cerámicas de paredes finas (M. Vila), as marcas de fauna en tégulas (R. Gimeno e O. Castro), apliques e botóns de bronce (F. Arias, M^aC. Durán e P. Fernández), os torques áureos (X.L. Ladra), as fíbulas galaico-romanas (M. Lage), as doas de colar (C. Pérez e Y. Porto) ou os achados numismáticos (J.J. Cepeda, M^aC. Durán), sen mencionarmos aquí os traballos sobre pezas concretas, tanto procedentes do Castro como da comarca chairega que se gardan no Museo de Viladonga como é o caso dunha ara dedicada a Navia? publicada en tempos recentes precisamente por Fernando Acuña.

Pero para o futuro queda moito traballo por facer sobre materiais tan abundantes como definatorios como a inxente cantidade de cerámica de tradición castrexa e, sobre todo, de cerámica común romana; ou coma o instrumental de ferro, que é enormemente amplo e variado (moito máis que as armas –bélicas e de caza...- tamén necesitadas dun estudo monográfico) igual que os diversos instrumentos de bronce e moitos outros materiais que son, todos eles, temas abertos para posibles traballos, sexan académicos ou non, de distinto nivel, obxectivo e difusión. Neste sentido seguirá sendo fundamental a continuidade da devandita revista *Croa*, como órgano de expresión científica e de difusión cultural que desde 1991 é un complemento vital para o coñecemento e divulgación do Castro de Viladonga e o seu Museo.

Por último, debe continuarse co traballo e coa especial atención á contorna arqueolóxica do xacemento, traballo que se iniciara xa por Felipe Senén López nas campañas dos anos 70 e que se proseguiron, é certo que de xeito discontinuo, nas décadas posteriores. É importante esta atención ao contexto arqueolóxico de Viladonga pois as informacións existentes apuntan a unha contorna de gran interese e, sen dúbida, definatorio para a interpretación histórica deste Castro. Ademais da importancia deste contexto arqueolóxico e histórico máis próximo, hai temas nos que se debe seguir afondando, como é a posible relación deste e doutros castros coas *villae* tardías, especialmente neste caso coa veciña de Doncide (no lindeiro concello de Pol), a influencia e incidencia que ten a proximidade dunha capital conventual como *Lucus Augusti*, a existencia de posibles vías de comunicación entre Lugo e a súa costa cantábrica precisamente a través de comarca na que se insire Viladonga, etc.

Non estará tampouco de máis facer un comentario que, quizais, podería explicar algunhas cousas como a adopción de complexos sistemas defensivos en plena época galaico-romana máis ou menos tardía: é moi posible e ata probable que algúns castros viviran, e mesmo desempeñaran un certo protagonismo, na etapa de transición cara ó Reino Suevo: (os castella tutiora de Hidacio). Estaríamos diante da evolución dalgúns asentamentos, que xa non sabemos se denomínelos castrexos?, galaico-

-romanos?, xermánicos?, pero que acabarían converténdose algunhas veces en poboados ou enclaves estratéxicos. Velaí outro tema para a investigación a partir do caso de Viladonga.

No relativo ao **Museo** e aos diferentes aspectos do seu funcionamento e da súa xestión patrimonial, cumprirá apuntar aquí as seguintes consideracións:

É preciso continuar coas actualizacións museográficas necesarias con carácter periódico, tema este obrigado pero moi dependente dos recursos dispoñibles, que son escasos nestes tempos pois, ademais, entidades xa relativamente vedrañas coma este Museo teñen que loitar e sufrir fronte a outras instalacións “culturais” froito da desemesura e do gasto millonario que compromete o funcionamento estable daquelas outras entidades culturais e científicas que levan décadas, e nalgúns casos máis dun século, de traballo a prol da cultura galega.

Despois da importante ampliación e reforma do edificio do Museo feita pola Xunta de Galicia entre 1992 e 1994, que modificaba substancialmente a primeira construción ideada por Chamoso Lamas nos pasados anos 70, hai agora que barallar as posibilidades dunha nova ampliación, aínda que esta opción se poida ver agora como moi remota, en parte polas razóns citadas no parágrafo anterior. Ademais de ser de dubidosa execución, hai que ter en conta que toda reforma e ampliación ten que ser acompañada, se non se quere agravar os problemas no canto de resolvelos, dunha maior dotación de persoal tanto técnico como auxiliar, algo que semella impensable polo menos a curto e medio prazo.

Hai que ter en conta, ademais, o traballo engadido que desde hai poucos anos ten o Museo do Castro de Viladonga ao ser depositario dos achados arqueolóxicos que se producen na provincia de Lugo, ou en case toda ela e, moi especialmente, na cidade de Lugo, con todo o que iso supón para o funcionamento do centro. De feito, de Viladonga depende a organización e control técnico dun almacén arqueolóxico instalado precisamente en Lugo, que debe ser atendido nestes momentos en que o Museo do sitio ten menos persoal. Esta situación, pois, pode entorpecer no futuro, e moito, o funcionamento normal do Museo de Viladonga, polo menos en tanto non exista en Lugo aquí un Centro-Museo da Romanización que estaba previsto instalar no antigo Cuartel de San Fernando da cidade lucense (xa protexido legalmente desde 2008 para ser destinado a aquela función), pero que, por desacordos maiormente políticos, parece ser unha actuación só posible a moi longo prazo.

En definitiva, todos os temas aquí citados deben terse en conta para que o Castro de Viladonga siga sendo un referente arqueolóxico e patrimonial, e non só no Noroeste ibérico senón nun marco moito máis extenso como xa o é actualmente.

O Museo arqueolóxico do Castro de Viladonga, que naceu para complementar decisivamente unha función socio-cultural e educativa do propio xacemento castrexo e galaico-romano, trata de cumprir os seus fins como tal Museo (é dicir, conservador, científico e didáctico-comunicativo), do xeito máis cabal e completo posible. Os máis de 464.000 visitantes recibidos nos case 28 anos de vida do Museo cara ao público desde a súa apertura a finais de 1986 ata 2014 inclusive (mentres son unhas 575.000 visitas estimadas para o Castro no mesmo período e en ambos os dous casos cun público moi diversificado), permítennos inferir e mesmo dar fe de que se está no camiño correcto e adecuado, coas limitacións xerais e particulares que poida haber e das que somos conscientes, e coas melloras que sempre se poderían acometer. Con todo, cremos que hoxe constitúe practicamente o único exemplo en Galicia de conservación e posta en valor dun ben arqueolóxico por medio da integración e conxugación dun xacemento, presentado como ruína consolidada, e – e velaí está o matiz diferencial con outros conxuntos patrimoniais - un museo propiamente dito, que quere ofrecer un discurso rigoroso e ó propio tempo cunha clara orientación didáctica e comunicadora para toda a sociedade.

Desenvólvese así unha acción museal na cal, para a estratexia de interpretación e posterior difusión, tívose sempre en conta a súa localización no medio natural circundante, a certa distancia de entidades de poboación importantes pero á vez moi accesible desde estas, características que, por unha banda, contribúen á súa singularización fronte a outras alternativas culturais do seu contorno, e por outra, facilítalle o acceso a moitos grupos sociais e de moi diverso ámbito.

A este respecto, a actividade de difusión pasou sempre pola atención a diversos factores e aspectos, entre os que abonde lembrar aquí, a xeito de exemplo e corolario final e como retos a cumprir para o futuro, os seguintes:

- Unha adecuada sinalización na rede de estradas, que complemente a información dispoñible en oficinas de turismo, axencias de viaxes, establecementos hostaleiros máis ou menos próximos, etc.
- Unha presenza o máis constante posible nas “axendas” dos medios de comunicación, en publicacións moi variadas dentro do ámbito do Patrimonio Cultural, Turismo Rural e viaxes, así coma nos programas culturais, no seu máis amplo sentido, de televisión (incluídas as de carácter local se as houber).
- A potenciación da seus sitios Web, tanto a páxina www.aaviladonga.es – moi completa e visitada – elaborada no seu día (1997) pola Asociación de Amigos do Castro, entidade creada en 1989 e que tivo e ten un papel moi activo e ata determinante no bo funcionamento global do Museo, como a páxina de carácter institucional incluída no portal Web de Cultura da Xunta de Galicia (www.museosdegalicia.com) e que ofrece, entre outras cousas a visita virtual ao Castro e ao Museo.
- O mantemento dun horario de apertura do Museo de, cando menos, nove horas ininterrompidas e de luns a domingo.
- A actualización periódica dos seus Programas de Acción Didáctica, iniciados xa en 1989 e adecuados para os diferentes niveis escolares ademais de dispoñibles en internet, que buscan motivar a visita destes colectivos e incrementar o seu rendemento educativo, cultural e mesmo lúdico.
- A produción de todo tipo de material divulgativo (e máis científico) en todos os formatos posibles, incluídas por suposto as novas tecnoloxías da información, sen desbotar nunca a cooperación con outras entidades e institucións (públicas ou privadas e, nomeadamente, coa citada Asociación de Amigos), poñendo como exemplo a continuidade do Boletín anual Croa.
- Unha atención constante á boa organización, funcionamento e actualización de todos os servizos do Museo (dentro das posibilidades que ofrece a súa dependencia administrativa, con titularidade estatal e xestión autonómica), como a Biblioteca (especializada no ámbito temático do Museo e o Castro), ou as áreas de Conservación, Documentación, Difusión, etc., promovendo tamén a participación do persoal técnico e auxiliar en todo tipo de proxectos e actividades relacionadas co Patrimonio Cultural.
- A realización de exposicións temporais cun decidido carácter divulgador e itinerante, para favorecer a presenza do Castro de Viladonga en ámbitos tanto urbanos como rurais (de Lugo e de toda Galicia), e en ambientes tanto académicos ou cultos (outros museos, entidades educativas e culturais...), como de tipo turístico, comercial, etc.
- A colaboración e intercambio constante con outras institucións culturais, facilitando a presenza dos seus fondos en exposicións de terceiros, prestando a súa cooperación a iniciativas de asociacións culturais moi diversas, tanto abrindo as súas instalacións para algunha das súas actividades como aproveitando o Museo e o Castro para o inicio e o desenvolvemento de itinerarios culturais: a Ruta de sendeirismo entre Viladonga e Castro de Rei, seguindo o val do río Azúmara ofrécenos un bo exemplo desta colaboración.

Este amplo abano de actuacións garantirá unha notable presenza do Museo no universo das comunicacións, co obxectivo de chegar a un espectro de público o máis numeroso e diversificado posible, pero incidindo de xeito especial en tres grandes bloques ou grupos: a poboación da comarca

na que se localiza o Museo - incluíndo a cidade de Lugo -, os estudantes de calquera nivel educativo e, en fin, un moi extenso colectivo de persoas interesadas nunha oferta cultural de calidade, grupo cada vez máis numeroso sobre todo se incluímos nel o chamado “turismo cultural” ou “turismo rural”. Para todos eles deseñouse un plan patrimonial, arqueolóxico e museolóxico, que se destaca a todos os niveis polo seu carácter didáctico e comunicativo, e pola creación dun ambiente agradable e ameno (sen caer nos modernos perigos do excesivamente lúdico, do “epatante” ou do doadamente “divertido” pero nada científico), de modo que convide e incite a coñecer e usar axeitadamente e con deleite físico e mental do Patrimonio arqueolóxico e natural do seu contorno e, por extensión, promova a estima (e a tan necesaria autoestima) e o interese pola protección do Patrimonio Cultural con carácter xeral.

En resumo, o Museo do Castro de Viladonga debe seguir esforzándose en contribuír á promoción e ao desenvolvemento cultural e integral da sociedade á que serve, a través da conservación, investigación, difusión e exhibición (con criterios científicos e didácticos pero tamén estéticos) das súas coleccións e, igualmente e de xeito inseparable, do xacemento anexo que o motiva e que lle dá a razón de existir. Con esta tarefa e cos medios e as accións brevemente expostas aquí, coadxuvarase así na recuperación e transmisión da nosa memoria histórica, como país diferenciado, para o resto dos cidadáns, sexan galegos ou non. Unha tarefa na cal a máis que notable proporción de “satisfeitos” e mesmo de “devotos” (os que volven e traen con eles a máis xente), axudarán sen dúbida a manter a ilusión por ofrecer un traballo que estea ben feito e, por un lado, a seguir dando o que moitos xa agardan ao chegaren a Viladonga, e por outro, a sorprenden aos que non se imaxinan o que un Castro e o seu Museo poden ofrecer á hora da promoción socio-cultural, da información educativa, da explotación turística e, tamén, da amenidade no lecer.

BIBLIOGRAFIA

A bibliografía de referencia é numerosa e de moi diversa entidade, contido e obxectivos, pero aquí só se inclúe unha escolma selectiva dela. Moitas das referencias publicáronse periodicamente (desde 1991 ata 2005) nunha sección da revista ***Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga***. Remitímonos aos índices desta publicación, hoxe asumida e editada pola Xunta de Galicia e tamén presente na web da Asociación de Amigos www.aaviladonga.es, onde se atoparán varios artigos e estudos sobre aspectos e materiais deste xacemento e do seu museo.

- ARIAS VILAS, Felipe, *Castro de Viladonga. Campaña 1983*, (Arqueoloxía. Memorias 2)(Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 1985.
- ARIAS VILAS, Felipe, “Castro de Viladonga”, *Arqueoloxía. Informes 2 (Campaña 1988)*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 1991, p. 71-75 e 275-276.
- ARIAS VILAS, Felipe, “O proxecto de ampliación do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)”, *Coloquios Galegos de Museos*, Ourense-Vigo, 1992, p. 43-54.
- ARIAS VILAS, Felipe, “El Castro de Viladonga (Lugo): 25 años de Investigación y Patrimonio Cultural”, *Estudios Bercianos* (Revista del Instituto de Estudios Bercianos, Ponferrada), nº 23, marzo 1997, p. 18-31.
- ARIAS VILAS, Felipe, “Materiales del Mediterráneo Oriental en el Castro de Viladonga (Lugo)”, *Actas del Congreso ‘La Hispania de Teodosio’*, (Universidad internacional SEK), Madrid-Segovia, 1996.
- ARIAS VILAS, Felipe, “Comunicación, difusión e didáctica. O caso do Museo do Castro de Viladonga”, *Administracións autonómicas e Museos. Cara a un modelo racional de xestión* (Actas das Xornadas, Santiago de Compostela 1996), (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 1997, p. 225-253.
- ARIAS VILAS, Felipe, “Recursos humanos no Museo do Castro de Viladonga (Lugo): vellos milagres e novos problemas”, *V Coloquio Galego de Museos* (Melide 1997), Santiago de Compostela, 1998, p. 277-290.
- ARIAS VILAS, Felipe, “Os últimos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo): 1988-1998”, *Brigantium*, 12, 2000, p.187-198.

- ARIAS VILAS, Felipe, “Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei”, en *Arte e Cultura de Galicia e o Norte de Portugal. Museos*, vol. I, (Nova Galicia Ed.), Vigo, 2005, p. 147-166
- ARIAS VILAS, Felipe; MONTENEGRO RÚA, Enrique: “O Castro de Viladonga en Internet: obxectivos e resultados”, *Actas III Xornadas de ANABAD-Galicia* (Ferrol), (ed. Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 1999, p. 445-452.
- ARIAS VILAS, Felipe; DORREGO MARTÍNEZ, Filomena, “Museo y Castro de Viladonga (Lugo): ¿educación y cultura vs. turismo y ocio?”, *Actas de XII Jornadas DEAC* (Salamanca, octubre 2004), Salamanca, 2005, p. 111-116.
- ARIAS VILAS, Felipe; BASTOS BERNÁRDEZ, Dolores; DURÁN FUENTES, Consuelo; VARELA ARIAS, Elena, *Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei - Lugo)*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 2013.
- CAAMAÑO GESTO, J. Manuel; LÓPEZ RODRÍGUEZ, José Ramón, “Sigillatas del Castro de Viladonga”, *Gallaecia*, 7-8, 1984, p. 138-178.
- CARBALLO ARCEO, Xulio, *Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado*, (Ed. Nigra-Trea), Vigo, 2006, p. 108-110.
- CEPEDA, Juan José, “El castro de Viladonga (Lugo). Los depósitos monetarios”, *Numisma*, XLV, 1995, nº 236, p. 29-63.
- CHAMOSO LAMAS, Manuel, “Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados”, *Actas del Coloquio sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo, 1977, p. 41-46.
- DURÁN FUENTES, Mª Consuelo, *Moedas do Museo do Castro de Viladonga*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 2009.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Carlos, “Análisis de restos óseos de macromamíferos asociados a niveles romanos de yacimientos arqueológicos de Galicia: algunas consideraciones económicas”, *Galicia: da Romanidade á Xermanización* (Homenaxe a Fermín Bouza-Brey), Santiago de Compostela, 1993, p. 119-130.
- LAGE PILLADO, Manuel, *Fíbulas galaico-romanas do Castro de Viladonga*, (Col. Estudos de Museos 1, Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 2004.
- LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén, “O folklore do Castro de Viladonga e da súa bisbarra”, *Actas del XV Congreso Arqueológico Nacional* (Lugo 1977), Zaragoza, 1979, p. 623-630.
- LÓPEZ POMBO, Luís, *Castro de Rei. Historia, Arte y Patrimonio*, (Deputación Provincial Lugo), Lugo, 1999, *passim*.
- MARTÍNEZ CORTIZAS, Antonio; RAMIL REGO, Pablo *et alii*: “Estudio edafológico y paleobotánico realizado en el Castro de Viladonga (Castro do Rei, Lugo). Campaña 1990”, *II Reunión Nacional de Geoarqueología*, Madrid, 1992, s.p.
- TOMÁS BOTELLA, Víctor, *Excavación arqueolóxica no castro de Viladonga, Castro de Rei-Lugo*. (Actuacións Arqueolóxicas. Ano 2006), (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 2008.
- RAMIL GONZÁLEZ, Emilio, *Excavación arqueolóxica no castro de Viladonga, Castro de Rei-Lugo*. (Actuacións Arqueolóxicas. Ano 2007), (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 2009.
- VARELA CAMPOS, Mª Paz, *Guía dos museos de Galicia*, (Ed. Nigra Trea), Vigo, 2000, p. 167-169.
- VARELA ARIAS, Elena; FERNÁNDEZ REQUEJO, Magdalena; LLANA RODRÍGUEZ, César, “La conservación preventiva en el Museo Arqueológico del Castro de Viladonga: experiencias y resultados”, *VI Coloquio Galego de Museos* (A Coruña 2000), A Coruña, 2001, p. 265-278.
- VV.AA., *Museo do Castro de Viladonga*, 3 fascículos en “Museos da provincia de Lugo”, coleccionable de *El Progreso* (Lugo), Lugo, 2001.




Fig. 1.1. – O Castro de Viladonga ao início das escavações nos anos 70.



Fig. 1.2. – O conxunto do Castro e o Museo á altura de 1986.




Fig. 2.1. – O xacemento e o Museo, ao fondo, a comezos do século XXI.



Fig. 2.2. – O Castro durante os traballos de consolidación en 2012.



Fig. 3.1. – A Sala 2 da exposición permanente no Museo.



Fig. 3.2. – Pormenor da Sala 3 do Museo.



Fig. 4.1. – Sala de Actos do Museo con exposición temporal.



Fig. 4.2. – A biblioteca auxiliar especializada do Museo.